
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/121-1
Entidade	CONFRARIA DE AGUIÑO	
Plan explotación⁽¹⁾	SOLENIDOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACION-RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	Navalla (<i>Ensis arcuatus</i>)
Ambito do plan	Zonas de autorización administrativa
Subzonas de explotación	Zona A: Carreiro Zona B: Sálvora Zona C: Castro

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	23	46
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	0	0

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		125										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla			15 kg

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

Puntos de control	Zonas de traballo e punto de descarga (peirao de Aguiño)
Puntos de venda	Lonxa de Aguiño (vendeduria da confraría)

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembrar	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
Especies:												
Sementeiras	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Zonas: Barreiro – Castro e Sálvora												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Sálvora e Carreira - Castro												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito: O ámbito deste plan divídese en tres zonas de produción que se corresponden coas autorizacións administrativas desta confraría:

- Zona A: entre praia de Aguiño, Petóns de Centoleira, Con de Agosto e praia de Carreira.
- Zona B: entre o norte de Vionta, Cabaceiro Grande, punta Castillo e punta Lagos.
- Zona C: entre illote Rabuda, illote Redonda Vella, punta do Castro e praia de Carreira.

A zona B atópase na súa totalidade dentro do PN Illas Atlánticas.

Participantes: As embarcacións co recurso navalla-longueirón Z3 no seu permex, asociadas á confraría de Aguiño son 19, todas elas relacionadas no listado anexo ao plan, correspondéndolles 38 cotas. Ademais, está pendente a incorporación de 4 novas embarcacións, con 8 cotas, unha vez remate o procedemento de ampliación aberto. Así, o número de embarcacións autorizadas a traballar neste plan no ano 2011 é de 23 con 46 mergulladores habilitados.

Ampliación: Non se aproba o incremento solicitado de 15 embarcacións con 30 mergulladores, por supor un incremento do esforzo inasumible. A próxima incorporación de 4 embarcacións con 8 mergulladores aconsella unha certa cautela á hora de aprobar novos incrementos do esforzo.

Días máximos de extracción: As mesmas razóns expostas no punto anterior, desaconsellan incrementar o número de días máximos de extracción segundo a proposta do plan, polo que unicamente se autoriza un incremento dun 15% con respecto ao plan en vigor, é dicir ata 125 días ao ano.

Xestión da explotación: A actividade extractiva dentro das zonas do PN das Illas Atlánticas non poderá simultanearse no mesmo día coa extracción no resto de zonas.

Non poderá realizarse na mesma xornada actividade extractiva nas zonas de autorización e nas zonas de libre marisqueo. No caso de teren autorizada a extracción para o mesmo día para as dúas zonas deberá procederse a anular o día antes das 9.30 horas da mañá para aquela zona na que, por cuestións meteorolóxicas, decidan non ir, co obxecto de que este non compute.

Puntos de control: Establécense puntos de control nas zonas de traballo -embarcación de



vixilancia- e no peirao de Aguiño, nos que os vixiantes da confraría rexistran o número de embarcacións e mergulladores, e controlan tallas e cupos. O paso polos puntos de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.*

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior. **A produción procedente das zonas incluídas no PN das Illas Atlánticas, achegarase debidamente identificada.**

Horario: Apróbase o horario proposto de dúas horas antes a dúas horas despois da baixamar ata as 17'00 h, para a extracción na modalidade de apnea. O horario no caso de que se autorice o mergullo con subministro de aire dende superficie será o establecido no Decreto 424/93 para o marisqueo dende embarcación, é dicir de 8'00 a 14'00 horas.

Vixilancia: Os integrantes deste plan están obrigados a participar nas vixilancias, sendo a directiva da agrupación a responsable da organización e distribución dos grupos de vixilancia. O control de asistencia é responsabilidade dos membros da directiva que sexan designados.

Réxime sancionador: Se calquera dos participantes neste plan comete unha infracción será sancionado, segundo os feitos e a gravidade, e previo trámite do procedemento sancionador oportuno, ben en base ao regulamento interno da agrupación, ben segundo os estatutos da confraría. No caso de que incorra nunha infracción das tipificadas na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, elevarase a acta da infracción á Consellería do Mar.

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

Plan de control: No caso particular do **emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente**, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose **un ticket nominativo**.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas: A Administración do P.N. das Illas Atlánticas emitiu informe o 1 de decembro de 2010 respecto ao plan presentado.

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- A información cartográfica das zonas de traballo, dacordo coa Circular MA-03/10, de 18 de outubro 2010 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2011.